

BANDO

Luís Antonio Pérez Barral, alcalde do Concello de Ribeira, ao respecto da regulación do acceso con cans ás praias, FAI SABER:

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais indica no artigo 29.7 que os Concellos deberán promover o aceso ás praias, parques e outros espazos públicos daqueles animais de compañía que non constitúan un risco para as persoas, os animais ou as cousas.

O Concello de Ribeira conta cun número significativo de areais. Moitos deles teñen boa parte da súa superficie incluída dentro do Plan de conservación da pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 21 de xaneiro, como área de presenza e/ou área prioritaria de conservación da Pílara das dunas, entre outras: Espiñeirido, Balieiros, Ladeira, Lagoa, Vilar, Angueiro, Penisqueira, Celeiráns, Muralla, Tasca, Catía, Castro, Coroso e Corna.

Asemade, moitos dos areais mencionados no parágrafo anterior están incluídos en espazos naturais da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

Os animais domésticos están cada vez máis presentes na vida das persoas, sendo considerados un membro máis da familia. A Lei de benestar animal suxire o permiso de praias caninas e a veciñanza así o demanda, en especial, nas praias máis preto dos núcleos urbanos.

Á vista do exposto, esta Alcaldía acorda permitir o acceso de cans ás praias do termo municipal de Ribeira nas seguintes condicións:

PRAIAS:	DATAS E HORARIO DE ACCESO CON CANS:
Praias comprendidas entre Igrexa dos Mouros e Punta Aguiuncho, en Palmeira	- Permítese durante todo o ano o acceso á praia de usuarios con cans.
Praia de Gavoteira, no Touro, Ribeira	- Dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto: de 20.00 a 11.00 horas. Permitirase durante todo o día o acceso á praia de cans guías para persoas invidentes ou de asistencia. - Resto do ano: todo o día.
Praias incluídas en espazos naturais protexidos ou no Plan de Conservación da Pílara das dunas como zona prioritaria, de presenza ou potencial, agás a praia de Couso, en Aguiño	- Acceso non permitido, salvo cans guías para persoas invidentes ou de asistencia (previa consulta ao Servizo de Conservación).

CSV: 07E9001806F70002V0Z8D4U9M7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E9001806F70002V0Z8D4U9M7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/06/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/06/2025 18:29:12

EXPEDIENTE :: 2025LITO000019
Fecha: 04/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



Praia de Couso	- Dende o 15 de xullo ata o 15 de marzo: permitírase durante todo o día o acceso á praia de usuarios con cans. - Resto do ano: acceso non permitido, salvo cans guías para persoas invidentes ou de asistencia (previa consulta ao Servizo de Conservación).
Restantes praias	- Dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto: acceso non permitido, salvo cans guías para persoas invidentes ou de asistencia. - Resto do ano: todo o día.

Con respecto ás medidas de seguridade estarase ao disposto na *Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia* e demais normativa aplicable.

As persoas propietarias ou posuidoras de animais terán a obriga legal de recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e espazos públicos. A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía supón unha infracción administrativa tipificada no artigo 38.i) da *Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia*, podendo ser sancionada con apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.

Ribeira, á data da firma electrónica

O alcalde,

Luís Antonio Pérez Barral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E9001806F700O2V0Z8D4U9M7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/06/2025
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/06/2025 18:29:12

EXPEDIENTE ::
 2025LITO000019
Fecha: 04/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E9001806F700O2V0Z8D4U9M7